

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.




<http://www.pinterest.com/micabigotes/>

<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356?fref=nf>

DECEMBRO 2014

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



1ºLECTOR@S



PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s
ides escribir ...

...e antes de que a enchas sen pensar, un ano máis, ORGANÍZATE para ser pedichón ou pedichona!!!. Fala cos teus e coas túas compas e poñédevos outra vez de acordo para pedir títulos distintos. Ah!, e pide unha libretiña chula. Así poderedes intercambiar os libros unha vez que os leades, facer dos vosos andeis unha pequena biblioteca con empréstito incluído. A libretiña?. Para anotar a quen prestades os vosos libros e saber a quen reclamarllos no caso de moros@s... Como o ordenata da biblio, vaia, pero en "analóxico".

1º LECTOR@S:

- **Macavity-T.S.Elliot-Lata de Sal** : De tod@s @s gat@s d@s Practical Cats de Elliot, este é o máis pillabán, nunca o has pillar nun renuncio. É, ademais, un dos protagonistas do musical Cats. A que agardas para telo nas mans?



- **Colección A caixa dos sorrisos-Cumio**: Calquera dos 10 títulos hache gustar, para divertirte e aprender. Mooootos temas. Escolle.




- **Teño uns pés perfectos-María Solar-kalandraka**: Melchor Sabichón quer gañar un concurso, pero non sabe nada dos pés, grazas á súa nai aprenderá unha chea de cousas deles.

- **Palabras do mar-García Teijeiro/Xosé Tomás-Embora**: Poesía e ilustracións dentro, fóra, enriba, embaixo do mar. Que máis podes pedir? Mergúllate xa!!!



- **O poeta do Miño-E. Mauricio-Cumio**: Roi, a saramaganta poeta, protagoniza este conto en homenaxe a Manuel María, pero, un día, esperta sen inspiración...

Do mesmo autor, tamén



- **Canta o cuco-Manuel María-Galaxia**: Con Magín e con Uxía, ilustrado por Leandro Lamas, como non ha cantar o cuco cuqueiro?

